



**PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DE UNHA PRAZA DE CAPATAZ POLO
SISTEMA DE PROMOCIÓN INTERNA (OEP 2020-2021-2022)**

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN RECIBIDA NA FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS

En relación a alegación recibida na fase de concurso de méritos deste proceso selectivo, o órgano de selección, en sesión do 15 de maio de 2026, acordou o seguinte:

I.- Documentos 260120317 e 260120413 (DNI *2691**)**

A persoa aspirante solicita a valoración de xeito independente das homologacións achegadas de grao e mestrado, alegando que *"Aínda que ambas as titulacións se cursaron na mesma institución, constitúen dous plans de estudo independentes, diferenciados e con resolucións de homologación individuais por parte do Ministerio de Educación Español. Ao tratarse de títulos distintos con efectos académicos diferenciados, solicito que se valoren de forma independente e acumulativa."*. Asemade solicita a desagregación da puntuación asignada aos cursos de formación achegados.

O órgano de selección acorda manter a puntuación outorgada inicialmente xa que existe unha única titulación oficial que da lugar a homologación de dous niveis académicos pero non se pode considerar que sexan dous títulos independentes. Desestímase, en consecuencia a alegación presentada.

Por outro lado, en canto á solicitude desagregada dos cursos de formación, o órgano de selección acorda dar traslado da mesma ao aspirante.

Contra este acordo poderá a reclamante interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da súa notificación ou publicación.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2026 13:50	Páxina 1 de 1
47848-220	CSV: ABB6B2-B52ACF-324E5F-99LYS7-2YMFE2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		